



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Proposta de adjudicación relativa á contratación administrativa para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura

I. O 29 de xullo de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 96.802,00 €, IVE excluído.

A Mesa do Parlamento fixou o orzamento de licitación en 117.130,42 €, incluído o IVE, correspondente aos catro anos de vixencia do contrato e autorizou un gasto por importe de 98.980,42 €, IVE engadido, correspondente ás prestacións contractuais que se realizarán ata o 31 de decembro de 2016, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.626 do orzamentos de 2016.

A autorización do gasto para pagar as prestacións que se executen ata completar as anualidades do contrato e, se é o caso, as que se realizarán no caso de prórroga, quedou condicionada á existencia de crédito nos exercicios correspondentes, por tratarse dun gasto plurianual

II. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG nº 688, do 10 de agosto de 2016. O anuncio de licitación foi publicado no DOG nº 166, de 2 de setembro de 2016.

III. Rematado o prazo concedido para presentar ofertas consta, segundo certificación emitida polo Servizo de Asistencia Parlamentaria, a presentación de oferta pola seguinte entidade:

- Sivsa, soluciones informáticas, S.A.U.

IV. Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo, reuniuse, segundo consta nas actas, nas seguintes datas:

- **10 de outubro de 2016:** na que analizou a proposición presentada pola empresa e comprobou que presentou a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos e, polo tanto, acordou admitila a continuar no procedemento de contratación.

- **4 de novembro de 2016:** na que se procedeu á apertura e lectura do sobre B, cuxo contido, respecto dos criterios de adjudicación avaliados automaticamente por aplicación de fórmulas, é o seguinte:

- Prezo da subministración: 74.544,84 €
- IVE 15.654,42 €
- Total..... 90.199,26 €
- Prezo do servizo de mantemento 0 €
- Stock para garantir tempos de resposta6 unidades
- Peso 1,2 kgr.
- Memoria do ordenador8 XB
- Capacidade do disco duro do ordenador 128 XB brutos
- Inclusión de módulo de 4G..... Non
- Porto USB 3.0 adicional Si
- Inclusión de seguro de accidentes para roturas, roubo Non
- Rendemento da CPU 3.241,5 unidades 3DMark06 CPU
- Duración da batería.....1.399 puntos (942 minutos) unidades do Mobile MarkTM 2014
- Memoria da impresora 256 MB



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

- Tempo primeira páxina impresora Menos de 7,2 segs
 - Capacidade do tóner 8.000 páxinas segundo a ISO/IEC 19752
 - Resolución de impresión 1.200 x 1.200 ppp
 - Número máximo de copias soportadas por mes..... 50.000 páxinas/mes
 - Velocidade de impresión 40 ppm
 - Velocidade de escaneo 24 ppm
- **10 de novembro de 2016:** Comprobado que a oferta da empresa cumpría os requirimentos dos pregos, a Mesa de Contratación, acordou requirirle a documentación esixida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para propoñela, de ser o caso, para a adxudicación do contrato.
- O requirimento foi notificado á empresa o 11 de novembro; o 22 de novembro de 2016, a empresa presentou a documentación requirida (registro nº 1457), incluíndo xustificante do pagamento do anuncio de licitación por importe de 579,94 €, e constitución da garantía definitiva, mediante aval bancario, por importe de 3.727,24 €.
- **28 de novembro de 2016:** A Mesa de Contratación avaliou a documentación presentada pola empresa, acordou admitila como válida e suficiente, e proporlle á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato a Sivsa, soluciones informáticas, S.A.U.
- **V.** En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, proponse á Mesa do Parlamento, unha vez sexa fiscalizado favorablemente por Intervención da Cámara, a adopción do seguinte Acordo:

1º. Adxudicar o contrato para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura a Sivsa, soluciones informáticas, S.A.U., nos seguintes termos:

- *Prezo da subministración: 74.544,84 €*
- *IVE 15.654,42 €*
- *Total 90.199,26 €*
- *Prezo do servizo de mantemento 0 €*

As características técnicas dos ordenadores, ademais das establecidas no prego de prescricións técnicas, serán as seguintes:

- *Stock para garantir tempos de resposta.....6 unidades*
- *Peso..... 1,2 kgr.*
- *Memoria8 XB*
- *Capacidade do disco duro 128 XB brutos*
- *Porto USB 3.0 adicional..... Si*
- *Rendemento da CPU..... 3.241,5 unidades 3DMark06 CPU*
- *Duración da batería 1.399 ptos (942 minutos) udes. do Mobile MarkTM 2014*

As características técnicas das impresoras, ademais das establecidas no prego de prescricións técnicas, serán as seguintes:

- *Memoria 256 MB*
- *Tempo primeira páxina Menos de 7,2 segs*
- *Capacidade do tóner.....8.000 páxinas segundo a ISO/IEC 19752*
- *Resolución de impresión 1.200 x 1.200 ppp*



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

- Número máximo de copias soportadas por mes 50.000 páxinas/mes
- Velocidade de impresión 40 ppm
- Velocidade de escaneo..... 24 ppm

2º.- Comunicarlles este acordo á empresa adxudicataria, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

3º.- A formalización do contrato non se poderá realizar máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

4º.- Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia e na publicación oficial que proceda.

5º.- Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6º.- De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público nos termos indicados no RD. 817/2009.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016.

F. JAVIER
FREIRE
GONZÁLEZ -
32421667Q

Firmato digitalmente da F. JAVIER
FREIRE GONZÁLEZ - 32421667Q
ND: 2.5.4.13=Qualified Certificate:
AAPP-FP-M-SW-KPSC, ou=certificado
electrónico de empleado público,
o=PARLAMENTO DE GALICIA,
serialNumber=32421667Q, sn=FREIRE
GONZÁLEZ, givenName=F. JAVIER,
cn=F. JAVIER FREIRE GONZÁLEZ -
32421667Q, c=ES
Data: 2016.11.29 18:27:12 +01'00'

Xefe do Servizo

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA